

ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

Edita:

Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174
E-mail: acsug@acsug.es
Páxina Web: www.acsug.es

ISBN: 978-84-691-5041-2

D. LEGAL: C 2812-2008

Deseño e Maquetación:

Grafisant, S.L




A ACSUG dispón dun Sistema de Xestión de Calidade certificado segundo a Norma ISO-9001:2000 desde o 20/03/2006 e número de certificación EC-2346/06, co seguinte alcance:

- Apoio á certificación de unidades administrativas do Sistema Universitario de Galicia.
- Tramitación de complementos retributivos autonómicos e avaliación e informe de profesorado.
- Avaliación de titulacións, programas e servizos do Sistema Universitario de Galicia.

Presentación	7
Introdución	11
Obxectivo e alcance do estudo	13
Estudos previos: PIL 1996-2001 e PIL 2001-2003	14
Descrición dos resultados por titulacións	16
Buscando emprego	17
Factores para conseguir un emprego.....	17
Sobre a situación laboral actual.....	18
Competencias, coñecementos e actitudes.....	19
Resultados por titulacións	21
Licenciatura en Matemáticas	23
Licenciatura en Bioloxía	33
Licenciatura en Tradución e Interpretación.....	43
Licenciatura en Psicoloxía	53
Diplomatura en Enfermaría.....	63
Licenciatura en Dereito	73
Licenciatura en Filoloxía	83
Enxeñaría Técnica en Informática	93
Mestre	103
Anexo	113
Bibliografía	115
Grupo de traballo	116





A Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG) presenta a publicación *Accedendo ao mercado laboral: un estudo por titulacións 1996-2003*, resultado directo dos dous estudos anteriores sobre inserción laboral, os correspondentes aos períodos 1996-2001 e 2001-2003.


Resulta hoxe imprescindible o coñecemento do que acontece cos titulados do SUG, fonte de enriquecemento e razón de ser das nosas universidades, xa que a información que nos proporciona contribúe á mellora da calidade de formación das novas xeracións de titulados.

Por primeira vez, a análise dos datos de inserción laboral mostra resultados correspondentes a nove titulacións, fronte aos estudos anteriores, nos que a desagregación dos datos globais quedaba reducida ás grandes áreas de coñecemento. Esperamos que o coñecemento destes datos contribuirá de maneira salientable á adaptación das nosas titulacións ao deseño dos novos títulos universitarios.

Quero, por último, agradecer a inestimable aportación de todas cantas persoas contribuíron a facer posible o estudo e a publicación.

Guillermo Rojo Sánchez
*Presidente do Consello de
Dirección da ACSUG*





A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten unha actividade de servizo á sociedade, e como obxectivos, a avaliación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a análise dos seus resultados, e a proposta de medidas de mellora da calidade dos servizos que prestan as universidades públicas galegas, especialmente os de ensino, investigación, xestión, servizos e avaliación do profesorado.

Desde o nacemento da ACSUG sempre se amosou unha certa inquedanza polo futuro dos nosos titulados universitarios, preocupándonos de que a súa formación fose de calidade e estivese de acordo coas necesidades actuais do mercado laboral.

Este informe é un complemento dos estudos de inserción laboral: Inserción Laboral dos Titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001 e Estudo da Inserción Laboral dos Titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003, os cales só presentaban como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.


Pretende ademais servir de punto de apoio ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), no seu labor de deseño dos novos títulos para a súa adaptación ao modelo que establece o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O coñecemento da situación laboral dos nosos titulados achega unha importante información que contribúe a este labor, xa que nos permite obter os niveis de adecuación entre as competencias aportadas polos títulos e as desenvolvidas no emprego, os desaxustes existentes entre

as competencias adquiridas durante os estudos e as necesarias para desenvolver a súa actividade laboral. Información necesaria para un maior aproveitamento dos recursos dispoñibles nas universidades e adaptación da formación recibida nos distintos títulos ofrecidos adecuándose aos requirimentos do mercado laboral.

Aproveitamos a ocasión para agradecer a valiosa colaboración dos titulados que contestaron as enquisas, sen os cales este estudo non se podería levar a cabo. A súa participación contribúe a mellorar a formación dos nosos futuros universitarios, e a gañar en calidade do sistema universitario, obtendo unhas titulacións máis preparadas de cara á saída laboral dos seus titulados. Así mesmo, agradecemos a colaboración da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, que contribuiu ao desenvolvemento do traballo de campo no Estudo da Inserción Laboral dos Titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003.

Julio Ernesto Abalde Alonso
Director da ACSUG





Grpmsag I

Logo dun longo período en que non se botaba de menos o coñecemento sobre o grao de eficacia do Sistema Universitario de Galicia (SUG), as iniciativas que con este fin veu poñendo en marcha a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) contribuíron a incorporar ao propio sistema as funcións de control da súa utilidade, conseguindo que a súa inexistencia se vexa agora como algo inconcibible.


Froito destas funcións son os proxectos xa implantados sistematicamente de Inserción Laboral (PIL) do Sistema Universitario de Galicia para os períodos 1996-2001 e 2001-2003. Estes estudos foron obxecto diferenciado de ambos os documentos (PIL 1996-2001 e PIL 2001-2003) publicados pola ACSUG cun detalle ao nivel de área de coñecemento.

Con todo, estes estudos non se deseñaron pensando unicamente nos seus propios obxectivos específicos, senón que foron concibidos co obxectivo adicional de ir construíndo un detallado sistema de información sobre a inserción laboral no SUG, que poida ir enriquecéndose ao longo dos anos e sirva de axuda a todos aqueles que actúan sobre este sistema ou reciben os servizos do mesmo.

As actuacións que está realizando a ACSUG a nivel de titulación co obxectivo de adaptar o SUG ao espazo europeo de educación superior constitúen unha circunstancia especial en que os resultados obtidos dos PIL poden ser de gran utilidade. Para completar a visión das titulacións e permitir unha mellor análise da súa situación actual, o presente documento integra e compara os resultados específicos das titulacións obtidos nos estudos de inserción laboral para os períodos 1996-2001 e 2001-2003. Como consecuencia, son válidas para o presente documento as consideracións sobre o contorno socioeconómico e institucional que figuran na introdución dos documentos mencionados.

Estes resultados non foran publicados ata agora con este nivel de detalle, senón integrados nos resultados das correspondentes áreas de coñecemento, mais poden obterse neste momento grazas á flexibilidade do sistema de información construído como produto dos estudos de inserción laboral.





Obxectivo: a análise da Inserción Laboral no Sistema Universitario de Galicia no período agregado 1996-2003, para as titulacións implicadas nalguna das fases do proxecto REALIZACIÓN DE ESTUDOS PARA A ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR EN TITULACIÓNS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA da ACSUG: licenciatura en Bioloxía, licenciatura en Dereito, diplomatura en Enfermaría, licenciatura en Filoloxía (I Fase) e enxeñaría técnica en Informática, mestre na especialidade de Educación Infantil, licenciatura en Matemáticas, licenciatura en Psicoloxía e licenciatura en Tradución e Interpretación (II Fase).

Con este obxectivo, utilizáronse os datos obtidos nos proxectos realizados sobre os períodos 1996-2003 (PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001, ACSUG 2004) e 2001-2003 (ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003, ACSUG 2006).

Unha dificultade inherente ao estudo é a existencia de instrumentos de medida diferentes nos proxectos antes mencionados (relativos ao período 1996-2001 e ao período 2001-2003). Malia que o cuestionario elaborado para o proxecto do período 2001-2003 é similar ao do proxecto anterior, existen algunhas diferenzas relevantes entre os dous, que impiden a agregación total dos datos.

Así, a delimitación do alcance deste estudo requiriu unha análise previa dos dous cuestionarios por parte do equipo de traballo, co fin de identificar as epígrafes dos cuestionarios e as variables específicas que poderían ser estudadas de maneira agregada e comparativa.

Os resultados obtidos neste estudo proporcionan información (para as titulacións citadas anteriormente) sobre os seguintes aspectos relacionados coa transición da educación universitaria ao mercado laboral:

- Circunstancias demográficas, académicas e laborais
- Busca de emprego
- Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego
- Aspectos da situación laboral actual
- Salario. Número de contratos e de empresas
- Competencias requiridas no emprego

Ademais, tamén se achega unha comparativa cos resultados globais das áreas ás que pertencen as titulacións nos períodos estudados en proxectos anteriores.



O estudo de Inserción Laboral dos Titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001 que realizou a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, resultado dunha enquisa a máis de 5000 estudantes que se titularon entre os cursos 1996-1999 e 2000-2001, é o primeiro estudo exhaustivo sobre a inserción de diplomados e titulados na Comunidade Autónoma Galega.

Os resultados do estudo foron presentados en nove áreas de coñecemento (catro grupos de Ciencias Sociais e Xurídicas e dous de Humanidades ademais das restantes áreas definidas polo Consello de Coordinación Universitaria), formados en función das competencias adquiridas polos titulados nos seus estudos universitarios, ademais dunha agregación que permitiu coñecer a situación global no SUG así como a comparación entre estes grupos.

O estudo pretendía dar resposta a varios aspectos: por unha banda analizar a situación laboral dos titulados, as vías de busca de emprego e a súa eficacia, e a avaliación das competencias profesionais, que constitúen o conxunto de capacidades, aptitudes e coñecementos necesarios para realizar as actividades de traballo cos niveis requiridos de calidade e eficacia no emprego. E por outra banda a relación da situación laboral coa formación que recibiron na Universidade, sempre desde a perspectiva dos titulados recentes.

je lq pcqsjr bmq

O 65.72% dos 56471 titulados nese período estaba a traballar. Como é lóxico, os titulados no curso 1996-1997 presentaban unha inserción máis elevada que os que obtiveron o título no 2001. No primeiro dos casos supérase o 76% de ocupación, mentres que

no segundo apenas se excede o 52%. O 90% dos que traballan facíano na nosa Comunidade Autónoma, sendo escasa a mobilidade dos titulados do SUG.

En canto ao tipo de contrato, observouse unha maior estabilidade nos titulados dos primeiros anos, fronte á eventualidade dos últimos en acabar os estudos. O 46.26% dos titulados no primeiro dos cursos estudados ten un contrato indefinido, fronte ao 19.92% no 2001. Neste último ano tamén hai un maior número de titulados con bolsas ou en prácticas.

Un aspecto de gran relevancia neste estudo, sobre a situación laboral dos titulados, era (e segue a ser) o de coñecer o método que resultou máis efectivo para obter un emprego tras finalizar os estudos. Tendo en consideración as respostas máis frecuentes que deron os titulados, pode dicirse que para eles, por riba de todo sitúanse as relacións persoais (28%), seguido das convocatorias públicas e resposta a anuncios de traballo.

As "cualidades" que os titulados do SUG consideraban máis importantes para obter un emprego foron as relacións persoais, a adaptabilidade e flexibilidade e a experiencia laboral ou práctica, sendo este un punto onde as universidades poden intervir mediante o fomento das prácticas en empresas.

Unha vez finalizados os seus estudos, os titulados nas universidades do SUG, ademais dos coñecementos específicos adquiridos, posúen distintas aptitudes e habilidades sociais que presentan un nivel alto de competencia. Segundo os resultados do estudo, a capacidade para as relacións e a habilidade para a solución de problemas e para unha aprendizaxe rápida destacan como os aspectos máis importantes para o desempeño do seu labor profesional.

Tamén se preguntou aos titulados polo seu paso pola Universidade, requirindo a súa opinión sobre docencia, infraestruturas e xestión da Universidade. En xeral, os titulados do SUG valoran positivamente os plans de estudos das Universidades, no senso de que permiten rematar o título no tempo estipulado. A análise deste apartado permite detectar aspectos nos que os titulados achan deficiencias, como a formación en idiomas ou informática.

M NGJ 1//0,1//2

Como continuación do PIL 1996-2001, lévase a cabo o PIL 2001-2003, para estudar o proceso de transición desde a educación universitaria ao mercado laboral das promocións de titulados no SUG nos cursos 2001-2002 e 2002-2003. Mantivéronse as áreas de coñecemento fixadas no estudo anterior e o corpo do cuestionario, aínda que se incluíron algúns ítems interesantes coma o salario ou o número de empresas e contratos desde o momento da titulación.

Aínda que os resultados foron similares aos obtidos no PIL 1996-2001, cómpre destacar algúns puntos. Aparece Internet como unha das vías máis utilizadas para buscar emprego, aínda que as relacións persoais seguen situadas como un dos medios de busca de emprego máis utilizados, e tamén máis efectivos.

Chama a atención as porcentaxes de número de empresas e número de contratos que tiveron os titulados desde a obtención do título ata o momento da enquisa (realizada no 2004). Ao redor dun setenta por cen traballaron en dúas empresas, mentres que tan só un cincuenta por cen tivo un ou dous contratos,

reflectíndose unha certa inestabilidade laboral. No tocante aos salarios dos titulados, case as tres cuartas partes cobraban menos de mil euros mensuais.

Os titulados no 2001-2003 traballan na zona xeográfica onde desexaban, concretamente en Galicia (acorde coa baixa mobilidade xa detectada no PIL 1996-2001), mais non consideran axeitado o seu nivel retributivo, non observaban posibilidades de promoción dentro da empresa e tampouco consideraban estable o seu traballo.

As competencias comentadas anteriormente seguen a ser importantes, aínda que tamén aparecen nun primeiro termo a lealdade e a honestidade de cara á empresa, ítem que foi incluído neste segundo estudo.

Un último punto do PIL 2001-2003 revela que: o 85% dos titulados volvería á universidade; un 80% repetiría a súa titulación e case un 90% volvería a cursar estudos na mesma universidade.



Bcqpapgag | bmq pcqsjr bmq nmp rgrsj ag lq

Presentamos os resultados para cada unha das titulacións seleccionadas, en referencia ao período 1996-2003, pola seguinte orde:

- Licenciatura en Matemáticas
- Licenciatura en Bioloxía
- Licenciatura en Tradución e Interpretación
- Licenciatura en Psicoloxía
- Diplomatura en Enfermaría
- Licenciatura en Dereito
- Licenciatura en Filoloxía
- Enxeñaría Técnica en Informática
- Mestre

As respostas dos titulados nas distintas filoloxías (Alemá, Clásica, Francesa, Galega, Hispánica, Inglesa, Italiana, Portuguesa e Románica), aparecen agrupadas na licenciatura en Filoloxía. En enxeñaría técnica en Informática, considéranse as especialidades en Xestión e en Sistemas. Baixo a epígrafe “Mestre”, recóllense todas as especialidades (Audición e Linguaxe, Educación Infantil,

Educación Física, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira).

Para cada unha das titulacións achéganse os seguintes bloques de información:

- Circunstancias académicas e laborais
- Busca de emprego
- Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego
- Situación laboral actual. Neste apartado, os resultados sobre número de contratos e de empresas e o salario dos titulados só foi estudado no período 2001-2003
- Competencias, coñecementos e actitudes. Dentro deste bloque, sinálanse cun (*) aquelas competencias que só foron valoradas polos titulados de 1996-2001, e con (**) as que foron valoradas só polos titulados de 2001-2003. As demais son comúns aos dous estudos.

Titulación	Área de coñecemento (†)
Licenciatura en Matemáticas	Ciencias Experimentais
Licenciatura en Bioloxía	Ciencias Experimentais
Licenciatura en Tradución e Interpretación	Humanidades II
Licenciatura en Psicoloxía	Ciencias Sociais e Xurídicas III
Diplomatura en Enfermaría	Ciencias da Saúde
Licenciatura en Dereito	Ciencias Sociais e Xurídicas II
Licenciatura en Filoloxía	Humanidades II
Enxeñaría Técnica en Informática	Ensinanzas Técnicas
Mestre	Ciencias Sociais e Xurídicas III

(†) Seguindo a distribución do PIL1996-2001 e PIL2001-2003

A análise das distintas **vías de busca de emprego** permítenos coñecer os mecanismos que os titulados utilizan para introducirse no mundo laboral. Como xa se fixo nos estudos de referencia anteriores, contrastamos esta información coa porcentaxe de primeiros empregos conseguidos por cada unha das vías. Así, é posible obter un gráfico que reflecta a eficiencia, en termos cualitativos, das distintas vías de busca de emprego. Para simplificar, os ítems utilizados neste apartado resúmense nos epígrafes que se achegan na Táboa 1.

Os resultados non amosan grandes diferenzas entre as titulacións analizadas. De feito, a maior parte das diferenzas observadas poden explicarse tendo en conta as características do traballo ao que optan os titulados das distintas titulacións. A vía de busca de emprego sinalada maioritariamente, cando falamos de utilización, é o *Envío de Currículum Vitae*. Con todo, a vía que aparece como propiciatoria do primeiro emprego na maioría das titulacións é *Familiares/amizades*, que reflecte a realidade de como achan emprego os titulados.

ÍTEMS	RESUMO DOS ÍTEMS
INEM	INEM
Servizo Galego de Colocación	SGC
Oferta dos servizos a través de cartas de solicitude. Envío de CV	Envío CV Candidatura espontánea
Responder a anuncios de traballo	Responder anuncios
Colocación de anuncios / Puxen anuncios	Poñer anuncios
Presentación a oposición / concurso temporal	Concurso – oposición Convocatoria pública
Empresa de Traballo Temporal	ETT
Bolsa de traballo	Bolsa de traballo
A través de contactos persoais, familia ou amigos	Amizades e familiares
Autoemprego	Autoemprego

Táboa 1. Resumo dos ítems para o bloque de *Vías de busca de emprego*.

D armpcq n p amlqcesgp sl c npcem

Resulta sorprendente a coincidencia na escasa importancia que dan os enquisados á *Reputación do centro* onde estudaron (en todas as titulacións resulta o ítem menos valorado). Outro dos factores menos valorado é o feito de ter unha titulación de *Posgrao*, que sería o segundo ítem con menos puntuación. A adaptación das titulacións

ao Espazo Europeo de Educación Superior podería servir para dar prestixio a este tipo de estudos de especialización, posto que ao entrar en competencia e comparación co resto dos países do noso contorno europeo (onde na maioría si se valora moi positivamente o doutoramento) pode facer que se comece a prestixiar como factor de calidade.



En canto ás valoracións positivas, a maioría dos enquisados resaltan que as *Relacións persoais* e a *Oportunidade* son factores importantes para a consecución dun emprego. Só en casos concretos, como a diplomatura en Enfermería, se lle dá importancia á especialización. A *Constancia na busca* e a *Mobilidade e Ausencia de cargas familiares* tamén son factores valorados positivamente para a incorporación ao mercado de traballo. Estes resultados son similares aos globais de estudos anteriores sobre o SUG.

ÍTEMS	RESUMO DOS ÍTEMS
Titulación estudada e especialización académica	Especialización
Expediente académico	Nota expediente
Relacións persoais	Relacións
Oportunidade	Oportunidade
Constancia na busca	Constancia
Mobilidade xeográfica, ausencia de cargas familiares	Mobilidade
Experiencia laboral relacionada (incluíndo prácticas)	Experiencia laboral
Coñecementos de idiomas	Idiomas
Coñecementos de informática	Informática
Cursos de posgrao, máster ou cursos de doutoramento	Posgrao, máster
Actitude durante a entrevista	Entrevista
Resultados de test de selección	Test de selección
Reputación do centro universitario onde estudou	Reputación centro

Táboa 2. Resumo dos ítems para o bloque sobre *Factores para conseguir emprego*.

dgViVcaVdgVaViVa

A situación laboral é unha das principais preocupacións no desenvolvemento dun país e, en particular, a situación laboral da mocidade. Esta inqueda reflicte en diversas publicacións e estudos de carácter nacional (Capital Humano, 2007) e internacional (Proxecto REFLEX: The Flexible Professional in the Knowledge Society), dando a coñecer os aspectos que máis se valoran no seu traballo e as condicións en que o están a desempeñar.

Neste documento queremos amosar como é a situación laboral dos mozos titulados na comunidade galega, no conxunto de titulacións mencionadas na introdución deste estudo, reflexionando sobre algún dos resultados obtidos. Cómpre salientar brevemente, as valoracións contrapostas obtidas nas titulacións estudadas; por un lado, a *Zona xeográfica* como un dos aspectos máis valorados e por outro, a *Posibilidade de promoción* como un dos menos valorados do traballo actual.

ÍTEMS	RESUMO DOS ÍTEMS
Traballa na zona xeográfica que desexa	Zona xeográfica
Considera axeitado o seu nivel retributivo actual	Nivel retributivo
Considera estable o seu traballo	Estabilidade
Observa posibilidades reais de promoción na súa empresa	Posibilidades de promoción
Os coñecementos adquiridos no título foron de utilidade	Coñecementos útiles
Considérase suficientemente valorado na súa empresa	Valorado na empresa
A Escola / Facultade está ben considerada na súa empresa	Centro ben considerado
A titulación está ben considerada na súa empresa	Titulación ben considerada
A súa situación laboral é acorde co esforzo do título	Esfuerzo
Requiriu formación específica para desenvolver o seu traballo	Formación específica
Sector pertencente á titulación estudada	Sector da especialidade

Táboa 3. Resumo dos ítems para o bloque sobre a *Situación laboral actual*.

A avaliación das competencias constitúe un elemento chave para medir a calidade da formación universitaria como preparador para a vida laboral, e esta avaliación pode porén, repercutir no deseño de novos planos de estudo ou na mellora dos programas de educación superior existentes. Como xa se indicou en estudos anteriores, as competencias profesionais son unha serie de capacidades, aptitudes e de coñecementos

necesarios para realizar as actividades do traballo coa calidade e eficacia requiridas. O conxunto de competencias (véxase a Táboa 4) estudadas no PIL 1996-2001 coma no PIL 2001-2003 están recollidas do CHEERS (*Career after Higher Education: a European Research Study*), estudo de referencia en toda a Unión Europea durante os últimos anos, que acha a súa continuación no proxecto REFLEX.

Cultura xeral	Capacidade para resolver problemas	Capacidade para as relacións*
Coñecementos de idiomas	Capacidade de aprendizaxe	Disponibilidade ante imprevistos*
Coñecementos de informática	Pensamento crítico e creatividade	Lealdade, honestidade**
Coñecementos teórico-prácticos no seu campo	Capacidade de traballo individual	Motivación**
Planificación, coordinación e organización	Capacidade de traballo en equipo	Iniciativa**
Adaptabilidade	Capacidade de liderado	Capacidade para a comunicación oral/escrita**
	Capacidade para asumir responsabilidades	Capacidade de traballo baixo presión**
		Capacidade de análise**

Táboa 4. Competencias, coñecementos e actitudes. (*) Só para 1996-2001. (**) Só para 2001-2003.

Atopamos algúns resultados que, cando menos, requiren dunha reflexión. Algunhas titulacións amosan unha grande discrepancia con respecto da súa área, que vén motivada polo tipo de emprego ao que acceden ou porque realmente, os perfís das titulacións que conforman a área son diferentes. Un punto común é a baixa valoración dos *Coñecementos de idiomas*. Este feito atopa explicación no propio tecido empresarial galego, formado maioritariamente por pequenas e medianas empresas.



Con todo, a avaliación das competencias profesionais que adquiren os titulados no SUG non pode ser feita tendo en consideración só


a visión que dan estes, senón que tamén é desexable ter a opinión dos seus empregadores. O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (2005), realizou un estudo sobre a demanda de titulados polas empresas vinculadas ao seu programa de prácticas. O estudo máis recente neste senso é o realizado pola ACSUG (2007), onde se investiga a demanda de titulados polas Pemes galegas. A comparativa das dúas visións, pode dar explicación a algún feito que, de entrada, puidera resultar cando menos peculiar.



Licenciatura en Matemáticas


FICHA DA TITULACIÓN	
Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago)
Área	Ciencias Experimentais
Duración dos estudos	5 cursos
Período	1996-2003
Poboación	750 titulados
Mostra	77 titulados





As vías de busca de emprego máis utilizadas polos titulados da Licenciatura en Matemáticas son o *Concurso-oposición* e o *Envío de CV*, valoradas por riba do 3, nunha escala de 1 a 5. Se o comparamos cos resultados obtidos no estudo 2001-2003 para a área de Ciencias


Experimentais, destaca a maior valoración que os titulados de Matemáticas fan da utilización do *Concurso-oposición* e *Poñer anuncios*.



En canto á vía propiciatoria do primeiro emprego, os titulados de Matemáticas sinalan *Familiares/amizades* e *Convocatoria pública* como as vías a través das que acadan a maior parte dos primeiros empregos. Se o

comparamos cos resultados da área de Ciencias Experimentais destaca a diferente porcentaxe de *Convocatoria Pública*, sensiblemente maior para esta titulación.

Se representamos a porcentaxe de empregos conseguidos fronte ao grao de utilización das distintas vías de busca, obtense unha medida de efectividade das distintas vías. Os titulados da Licenciatura en Matemáticas, sinalan *Familiares/amizades* como a vía máis efectiva. Ao comparar cos resultados do estudo 2001-2003 na área de Ciencias Experimentais, destaca o mellor posicionamento, canto a efectividade, da *Convocatoria pública*, e o máis baixo da *Candidatura espontánea*.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Relacións	4.25
Test de selección	4.22
Oportunidade / Actitude na entrevista	4.05


AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	2.75
Nota do expediente	3.02
Posgrao, máster	3.07

Os titulados da Licenciatura en Matemáticas valoran as *Relacións*, os resultados de *Test de selección* e a *Oportunidade*, así coma a *Actitude na entrevista* como os factores máis determinantes de cara á conseguir un emprego, restándolle importancia á *Reputación do centro*, á *Nota do expediente* e aos estudos de *Posgrao, máster*. A comparativa con resultados anteriores (resultados globais do SUG no 2001-2003) da área de coñecemento de Ciencias Experimentais, coinciden tamén como máis valoradas para conseguir un

emprego as *Relacións*. Os resultados sobre as circunstancias menos valoradas son tamén similares aos da súa área de coñecemento. Con todo, cómpre subliñar a alta valoración que os titulados en Matemáticas dan á *Oportunidade* e aos *Coñecementos de informática*, que neste caso están xustificadas polas necesidades que teñen de adaptarse a empregos onde deben aplicar estas habilidades.






Case un 30% dos Titulados en Matemáticas non tiveron ningún contrato laboral, pero tan só un 16% non traballou para ningunha empresa. En canto ao salario, arredor do 45% cobra entre 500 e 1000 euros, porcentaxe que se repite na franxa de 1000 a 1500 euros mensuais. Menos dun 10% perciben un salario inferior aos 500 euros mensuais.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	28,6%	28,6%
1	32,0%	60,6%
2	19,7%	80,3%
3	6,9%	87,3%
4	8,5%	95,8%
5	0,0%	95,8%
6 ou máis	4,2%	100,0%

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	16,2%	16,2%
1	48,6%	64,9%
2	30,9%	95,8%
3	4,2%	100,0%
4 ou máis	0,0%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Zona xeográfica	3.94
Sector da especialidade	2.90
Centro ben considerado	2.72

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	1.74
Esfuerzo	2.14
Titulación ben considerada	2.32

Ao considerar a súa área de coñecemento (Ciencias Experimentais), coinciden como aspectos máis valorados na súa situación laboral actual, a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* en que traballa. Os resultados sobre os aspectos menos valorados son tamén similares aos da área de coñecemento, agás o aspecto de *Titulación ben considerada*. Con todo, se comparamos cos resultados globais do SUG no 2001-2003 atópanse diferenzas

nos aspectos menos valorados. Mentres os Titulados en Matemáticas dan pouca puntuación á *Posibilidade de promoción*, ao *Esfuerzo* e á *Boa consideración da titulación*, os resultados do SUG amosan unha valoración baixa en *Formación específica*, *Promoción* e *Estabilidade*. Cómpre salientar que o aspecto da *Titulación ben considerada* é altamente valorado dentro da área de coñecemento e nos resultados globais do SUG.



AS MÁIS VALORADAS

	Valoración media
Capacidade de aprendizaxe	4.08
Motivación**	4.07
Capacidade de traballo baixo presión**	4.07


AS MENOS VALORADAS



	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.65
Iniciativa**	3.13
Pensamento crítico e creatividade	3.14

Ao seguir coa comparativa, en relación coa área de coñecemento (Ciencias Experimentais), coinciden como máis valoradas a *Capacidade de aprendizaxe* e a *Motivación*. Os resultados sobre as competencias menos valoradas son tamén similares aos da área de coñecemento. A súa vez, non existen grandes diferenzas cos resultados globais do SUG no 2001-2003. Con todo, cómpre subliñar a alta valoración que os titulados en Matemáticas dan á *Capacidade*

de traballo baixo presión (a segunda máis valorada dentro da titulación), valoración que non é compartida dentro da súa área de coñecemento.

¹ Os ítems sinalados con (*) correspóndense ao período 1996-2001. Os ítems sinalados con (**) foron só analizados para 2001-2003.





O obxectivo deste estudo para a licenciatura en Matemáticas é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:



- **Busca de emprego:** o *Concurso-oposición* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Titulados en Matemáticas. Outras vías con alta utilización son o *Envío do CV* e a resposta a anuncios de traballo.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** a *Experiencia laboral relacionada*, os *Test de selección*, as *Relacións*, a *Actitude na entrevista* e a *Oportunidade* son os factores que os Titulados en Matemáticas consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* nas que traballan, aínda que o esforzo realizado no título non é acorde coa súa situación laboral e tamén destacan as poucas posibilidades de promoción no traballo.


- **Salario. Número de contratos e de empresas:** o tramo de retribución do 90% dos titulados sitúase entre 500 e 1500 €. Case un trinta por cento dos titulados non tiveron ningún contrato laboral, malia que tan só o 16% non traballou para ningunha empresa.
- **Competencias requiridas no emprego:** atopamos entre o conxunto de competencias, coñecementos e actitudes que reciben unha maior valoración a *Lealdade e honestidade*, a *Capacidade de aprendizaxe* e a *Capacidade de traballo baixo presión*.

Un Licenciado en Matemáticas acostuma atopar traballo a través de concurso-oposición, ou do envío de CV; este traballo (500-1500 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo, precisa de lealdade e honestidade, de capacidade de traballo baixo presión e para a aprendizaxe.


Licenciatura en Bioloxía

FICHA DA TITULACIÓN	
Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago) Universidade da Coruña (Campus de Elviña) Universidade de Vigo (Campus Lagoas-Marcosende)
Área	Ciencias Experimentais
Duración dos estudos	5 cursos
Período	1996-2003
Poboación	2342 titulados
Mostra	227 titulados






Os titulados da Licenciatura en Bioloxía sinalan o *Envío de CV*, *Responder a anuncios*, *SGC* e *INEM* como as vías máis utilizadas na busca de emprego. Estes resultados son moi similares aos obtidos no estudo 2001-2003 na área de Ciencias Experimentais, coa excepción do *Concurso-oposición*, máis utilizado nesta titulación.



En canto á vía propiciatoria do primeiro emprego, destaca moi por riba das demais vías, *Familiares/amizades*. A diferenza da porcentaxe de empregos conseguidos por esta vía sobre outras, e moito maior nesta titulación se o comparamos cos resultados da área de Ciencias Experimentais (estudo 2001-2003).



A partir das valoracións de utilización e da porcentaxe de primeiros empregos conseguidos mediante cada vía, pódese concluír que a vía de busca de emprego máis efectiva para os titulados da licenciatura en Bioloxía é *Familiares/amizades*. Este resultado coincide co observado nos resultados globais da área de Ciencias Experimentais, destacando o peor posicionamento, en canto á efectividade, da *Candidatura espontánea* nesta titulación.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Relacións	4.53
Oportunidade	4.45
Experiencia laboral ou prácticas	4.33

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	2.90
Nota do expediente	3.11
Posgrao. máster	3.62

No caso dos titulados en Bioloxía as *Relacións* e a *Oportunidade* son os factores máis determinantes de cara á conseguir un emprego, restándolle importancia á *Reputación do centro* e aos estudos de *Posgrao, máster*. Neste caso, a importancia da *Experiencia laboral previa* tamén xoga un importante papel. Os resultados sobre as circunstancias menos valoradas son tamén similares aos da súa área de coñecemento non existindo grandes diferenzas cos resultados globais do *SUG*.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	15,50%	15,70%
1	26,10%	41,60%
2	16,50%	58,10%
3	11,50%	69,60%
4	10,10%	79,70%
5	6,20%	85,90%
6 ou máis	14,10%	100,00%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	19,7%	19,7%
1	37,1%	56,8%
2	27,4%	84,2%
3	4,5%	88,7%
4 ou máis	11,3%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.




AS MÁIS VALORADAS

	Valoración media
Zona xeográfica	3.84
Sector da especialidade	3.09
Coñecementos útiles	2.68

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	1.83
Estabilidade	2.18
Esfuerzo	2.31

Se comparamos cos resultados obtidos para a súa área de coñecemento (Ciencias Experimentais), coinciden como máis valoradas a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade*, e como menos valoradas o *Esfuerzo* realizado e as *Posibilidades de promoción*. En relación cos *Coñecementos útiles* a valoración foi inferior no global da área, mentres que a *Estabilidade* obtén unha valoración superior. Ademais, non existen grandes diferenzas cos resultados globais do *SUG*.




AS MÁIS VALORADAS




	Valoración media
Capacidade para a comunicación oral/escrita**	4.51
Motivación**	4.36
Lealdade, honestidade**	4.36

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.82
Coñecementos de informática	3.20
Capacidade de análise**	3.46

As competencias máis valoradas polos titulados de Bioloxía coinciden coas da súa área de coñecemento (Ciencias Experimentais). Os resultados sobre as competencias menos valoradas son tamén similares aos da área de coñecemento, agás a *Capacidade de análise*, que obtén unha valoración superior no global da área. Á súa vez, non existen grandes diferenzas cos resultados globais do SUG.





O obxectivo deste estudo para a licenciatura en Bioloxía é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:



- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Titulados en Bioloxía. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios* de traballo e o *SGC*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** as *Relacións*, a *Oportunidade* e a *Experiencia laboral ou prácticas* son os factores que os Titulados en Bioloxía consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* no que traballan e que os coñecementos adquiridos son útiles para o seu traballo, aínda que as *Posibilidades de promoción*, a *Estabilidade* e o *Esfuerzo* son os aspectos menos valorados.


- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000€, seguido do tramo de menos de 500€. Un 15% dos titulados reciben un salario superior aos 1000 euros mensuais.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade para a comunicación oral e escrita*, a *Motivación* e a *Lealdade e honestidade*.

Un Licenciado en Bioloxía acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo, precisa de lealdade e honestidade, de motivación e de capacidade para a comunicación.

Licenciatura en Tradución e Interpretación


FICHA DA TITULACIÓN	
Universidade/campus	Universidade de Vigo
Área	Humanidades II
Duración dos estudos	5 anos dependendo do Plano
Período	1996-2003
Poboación	374 titulados
Mostra	72 titulados






Os titulados da Licenciatura en Tradución e Interpretación sinalan como vías máis utilizadas na busca de emprego o *Envío de CV* e *Responder a anuncios*. A vía menos utilizada por este grupo de titulados é *Poñer anuncios*. Se comparamos estes resultados

cos observados no estudo 2001-2003 para a área de Humanidades II non se aprecian grandes diferenzas.



Como vía propiciatoria do primeiro emprego destaca *Familiares/amizades*, seguido de *Autoemprego* e *Responder a anuncios*, aínda que moi por debaixo da primeira. Ao comparar cos resultados globais da súa área de coñecemento sinalar a maior porcentaxe de *Autoemprego* rexistrado nesta titulación.



Ao representar a porcentaxe de empregos conseguidos fronte ao grao de utilización das diferentes vías de busca de emprego, obsérvase a maior efectividade de *Familiares/amizades*. Se o comparamos cos resultados globais da área Humanidades II, destaca a peor efectividade percibida polos titulados desta titulación da *Candidatura espontánea*.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Coñecementos de idiomas	4.42
Oportunidade	4.39
Coñecementos de informática	4.26

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	3.27
Posgrao, máster	3.38
Test de selección	3.49

Os titulados da Licenciatura en Tradución e Interpretación valoran os *Coñecementos de idiomas* como o factor máis determinante de cara a conseguir un emprego, que neste caso resulta obvio debido ao perfil propio da titulación, restándolle importancia á *Reputación do centro* e aos estudos de *Posgrao, máster*. A comparativa con resultados anteriores (resultados globais do SUG no 2001-2003) ofrece resultados similares aos da súa área de coñecemento (Humanidades II).






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	0,0%	0,0%
1	25,8%	25,8%
2	26,1%	51,9%
3	19,3%	71,2%
4	15,5%	86,7%
5	9,9%	96,6%
6 ou máis	3,4%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	0,0%	0,0%
1	36,3%	36,3%
2	18,0%	54,3%
3	5,7%	60,1%
4 ou máis	39,9%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Zona xeográfica	3.96
Coñecementos útiles	3.92
Nivel retributivo	3.54

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Centro ben considerado	2.20
Formación específica	2.65
Posibilidades de promoción	2.67

Os aspectos do seu traballo máis valorados polos Titulados en Tradución e Interpretación coincide coa da súa área de coñecemento (Humanidades II) e cos resultados do SUG. Salientar que os *Coñecementos útiles* (os coñecementos adquiridos durante o título fóronlle de utilidade) presenta unha valoración inferior no global da área, e o *Nivel retributivo* áchase entre as menos valoradas. Os resultados sobre as competencias menos

valoradas son similares aos da área de coñecemento, agás o *Centro ben considerado*, que obtén unha valoración superior. Respecto aos resultados globais do SUG, os comentarios son similares.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Lealdade, honestidade**	4.74
Capacidade para a comunicación oral/escrita**	4.53
Capacidade de aprendizaxe	4.46



AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Capacidade de análise**	3.37
Capacidade de liderado	3.56
Planificación, coordinación e organización	3.81

As competencias máis valoradas polos titulados de Tradución e Interpretación coinciden cos da súa área de coñecemento (Humanidades II). Os resultados sobre as competencias menos valoradas son tamén similares aos da área de coñecemento, agás a *Planificación, coordinación e organización*, que obtén unha valoración superior no global

da área. Na comparativa cos resultados globais do SUG, subliñar que a *Planificación, coordinación e organización* recibe unha valoración media superior.





O obxectivo deste estudo para a Licenciatura en Tradución e Interpretación é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:

- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Licenciados en Tradución e Interpretación. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios* de traballo e o SGC.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** o *Coñecemento de idiomas*, a *Oportunidade* e os *Coñecemento de informática* son os factores que os Licenciados en Tradución e Interpretación consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* na que traballan, que os coñecementos adquiridos son útiles para o seu traballo e que o *Nivel retributivo* tamén está ben valorado, aínda que as *Posibilidades de promoción*, a *Formación*



específica e a *Reputación do centro* son os aspectos menos valorados.


- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo 1000-1500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Lealdade e honestidade*, a *Capacidade para a comunicación oral e escrita* e a *Capacidade de aprendizaxe*.

Un Licenciado en Tradución e Interpretación acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa e cun bo nivel retributivo aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo, precisa de lealdade e honestidade, de capacidade para a comunicación e para a aprendizaxe.


Licenciatura en Psicoloxía

FICHA DA TITULACIÓN	
Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago)
Área	Xurídico-Social III
Duración dos estudos	5 cursos
Período	1996-2003
Poboación	1625 titulados
Mostra	81 titulados






As vías de busca máis utilizadas polos Licenciados en Psicoloxía son *Envío de CV*, *Responder a anuncios*, *SGC* e *INEM*, coincidindo cos resultados globais obtidos na área de Ciencias Sociais e Xurídicas III.



Como vía propiciatoria do primeiro emprego destaca *Familiares/amizades*, seguido da *Candidatura espontánea*.

A vía de busca de emprego con maior efectividade é *Familiares/amizades*, moi distanciada de todas as demais vías, tal e como se observa, tamén, nos resultados globais da área de coñecemento.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Experiencia laboral ou prácticas	4.50
Actitude na entrevista	4.33
Constancia	4.30


AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Nota expediente	2.98
Reputación do centro	3.08
Idiomas	3.38

No caso particular dos titulados da titulación de Psicoloxía valoran a *Experiencia laboral* e a *Constancia* como os factores máis determinante de cara á conseguir un emprego, neste caso, resulta algo diferencial co resto das titulacións estudadas. A comparativa con resultados anteriores ofrece resultados similares aos da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III). Os ítems

menos valorados polos titulados de Psicoloxía seguen a ser os mesmos que nas outras titulacións, sendo similares aos da área de coñecemento e aos resultados globais do SUG.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	30,2%	30,2%
1	20,7%	50,9%
2	23,3%	74,1%
3	14,7%	88,8%
4	0,0%	88,8%
5	5,2%	94,0%
6 ou máis	6,0%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	25,0%	25,0%
1	29,3%	54,3%
2	8,6%	63,0%
3	20,7%	83,6%
4 ou máis	16,4%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.




AS MÁIS VALORADAS

	Valoración media
Zona xeográfica	4.08
Valoración na empresa	3.05
Sector da especialidade	2.86

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	2.04
Esfuerzo	2.04
Centro ben considerado	2.50

Os aspectos máis valorados polos Licenciados en Psicoloxía coinciden cos da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III). Respecto os menos valorados os resultados son semellantes, obtendo o ítem *Centro ben considerado* maior valoración no global da área. No que se refire ás valoracións globais do SUG, a comparativa é similar. Obtendo, de novo, o aspecto *Centro ben considerado* unha valoración máis alta que a dada polos titulados.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Capacidade de traballo en equipo	4.59
Adaptabilidade	4.42
Capacidade para resolver problemas	4.40



AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.35
Coñecementos de informática	3.51
Capacidade de liderado	3.65

As competencias máis valoradas polos titulados de Psicoloxía coinciden coas da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III), agás a *Capacidade para resolver problemas*, que obtén por este grupo de titulados unha valoración media lixeiramente máis alta. Os ítems máis valorados polos titulados de Psicoloxía obteñen tamén valoracións altas no global do SUG. Os resultados sobre as

competencias menos valoradas son similares aos da área de coñecemento e aos resultados globais do SUG.





O obxectivo deste estudo para a Licenciatura en Psicoloxía é aclarar sobre a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:



- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Licenciados en Psicoloxía. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios* de traballo e o SGC.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** a *Experiencia laboral ou práctica*, a *Actitude na entrevista* e a *Constancia* son os factores que os titulados en Psicoloxía consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* na que traballan. Tamén manifestan que están ben valorados na empresa, aínda que as *Posibilidades de promoción*, o *Esfuerzo* e a *Reputación do centro* son os aspectos menos valorados.


- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo de menos de 500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade de traballo en equipo*, a *Adaptabilidade* e a *Capacidade para resolver problemas*.

Un Licenciado en Psicoloxía acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa e cun bo nivel retributivo aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo, precisa de capacidade de traballo equipo, de adaptabilidade e de capacidade para resolver problemas.

FICHA DA TITULACIÓN


Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago e de Lugo) Universidade da Coruña (Campus de Coruña e de Ferrol) Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, de Vigo e de Ourense)
Área	Ciencias da Saúde
Duración dos estudos	3 cursos
Período	1996-2003
Poboación	3652 titulados
Mostra	489 titulados






Os titulados da titulación da Diplomatura en Enfermería dan as maiores puntuacións de utilización na busca de emprego as vías *Envío de CV* e *Concurso-oposición*. Os resultados son moi similares aos obtidos no estudo 2001-2003 na área de Ciencias da Saúde,

aínda que cómpre destacar a maior valoración, un punto máis sobre a media, que os titulados de Enfermería fan da utilización de *Concurso/oposición* a respecto dos demais titulados da área.



As porcentaxes de primeiros empregos conseguidos con cada vía de busca recollen que case un 40% dos primeiros empregos veñen a través de *Bolsas de emprego*, seguidas da *Candidatura espontánea* e *Convocatoria pública*. Nesta titulación *Familiares/amizades* acadada unha menor porcentaxe que no global da área de coñecemento. Ademais, nos resultados globais a relación entre *Candidatura espontánea* e *Bolsas* é á inversa.



A elevada porcentaxe de primeiros empregos conseguidos mediante *Bolsas de emprego*, indicada no apartado anterior, tradúcese nunha alta efectividade desta vía, cando representamos a porcentaxe de empregos fronte ao grao de utilización das vías de busca de emprego. Esta é a maior diferenza que se observa se o comparamos cos resultados globais da área de Ciencias da Saúde,

nos que a maior efectividade resulta na *Candidatura espontánea*. *Familiares/amizades* perde posicións, en canto á efectividade, respecto do resultado global da área.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Especialización	4.28
Oportunidade	4.27
Mobilidade, ausencia de cargas	4.24

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Idiomas	2.66
Reputación do centro	3.03
Coñecementos de informática	3.05

Os Diplomados en Enfermaría coinciden cos da súa área de coñecemento (Ciencias da Saúde), no período 2001-2003. A *Especialización* recibe a valoración máis alta, que neste colectivo constitúe unha condición imprescindible para o acceso a un posto de traballo, a parte da *Oportunidade* resáltase a *Mobilidade* como factor a ter en consideración para conseguir un emprego. Os ítems menos valorados son similares aos da área de coñecemento e aos resultados globais do SUG.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	1,0%	1,0%
1	16,8%	17,7%
2	14,3%	32,1%
3	15,3%	47,3%
4	9,1%	56,4%
5	10,5%	66,9%
6 ou máis	33,1%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	0,9%	0,9%
1	30,2%	31,1%
2	40,5%	71,6%
3	20,6%	92,2%
4 ou máis	7,8%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.




AS MÁIS VALORADAS

	Valoración media
Sector da especialidade	4.68
Coñecementos útiles	4.12
Zona xeográfica	4.09

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Formación específica	2.11
Posibilidades de promoción	2.24
Estabilidade	2.44

As valoracións dos Diplomados en Enfermaría son semellantes ás da súa área de coñecemento (Ciencias da Saúde) e aos resultados globais do SUG. Salientar que o ítem *Coñecementos útiles* é moi valorado polos titulados, mentres que na súa área de coñecemento a valoración é lixeiramente menor, ao igual que se comparamos cos resultados globais do SUG.




AS MÁIS VALORADAS




	Valoración media
Lealdade, honestidade**	4.67
Motivación**	4.65
Capacidade de traballo en equipo	4.61

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.49
Coñecementos de informática	2.92
Capacidade de análise**	3.42

Os diplomados en Enfermaría coinciden cos da súa área de coñecemento (Ciencias da Saúde), no período estudado. A *Capacidade de traballo en equipo* recibe unha valoración alta nos dous períodos. Os ítems menos valorados son similares aos da área de coñecemento e aos resultados globais do SUG, agás para a *Capacidade de análise*, que obtén unha valoración lixeiramente máis alta.





O obxectivo deste estudo para a diplomatura en Enfermaría é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:

- **Busca de emprego:** o *Envío de CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos diplomados en Enfermaría. Outras vías con alta utilización son o *Concurso-oposición* e o *SGC*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** a *Especialización*, a *Oportunidade* e a *Mobilidade e Ausencia de cargas* son os factores que os diplomados en Enfermaría consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* en que traballan. Ademais, manifestan que os coñecementos adquiridos son útiles para o seu traballo, aínda que a *Formación específica*, as *Posibilidades de promoción*



e a *Estabilidade* son os aspectos menos valorados.


- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 1000 e 1500 €, seguido do tramo 500-1000 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** atopamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Lealdade e honestidade*, a *Motivación* e a *Capacidade de traballo en equipo*.

Un diplomado en Enfermaría acostuma atopar traballo enviando o seu CV e a través dun concurso-oposición; este traballo (1000-1500 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con pouca estabilidade. Para desenvolver este traballo, precisa de lealdade e honestidade, de motivación e de capacidade de traballo en equipo.

FICHA DA TITULACIÓN


Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago) Universidade da Coruña (Campus de Elviña) Universidade de Vigo (Campus Lagoas-Marcosende e Ourense)
Área	Xurídico-Social II
Duración dos estudos	5 cursos
Período	1996-2003
Poboación	4805 titulados
Mostra	332 titulados






Os titulados da licenciatura en Dereito non valoran, nunha escala de 1 a 5, a utilización de ningunha vía de busca de emprego por riba do 3. As vías máis utilizadas son *Envío de CV*, *Responder a anuncios* e *Familiares/amizades*. Na comparación cos resultados globais

da área de Ciencias Sociais e Xurídicas II (estudo 2001-2003), cómpre destacar a maior valoración que os titulados de Dereito fan de *Concurso/oposición* e a menor que outorgan ás *Empresas de Traballo Temporal*. As demais puntuacións son moi similares ao global.



A vía de busca de emprego a través da que máis empregos conseguen os titulados de Dereito é *Familiares/amizades*, cunha porcentaxe case 3 veces superior á seguinte, *Convocatoria pública*. Estas porcentaxes son moi similares ás recollidas nos resultados globais da área de coñecemento.



Ao representar a porcentaxe de empregos conseguidos fronte ao grao de utilización das diferentes vías de busca de emprego, obsérvase que a vía de busca máis efectiva é *Familiares/amizades*, moi distanciada de todas as demais. Este mesmo feito recóllese nos resultados globais da área de coñecemento.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Relacións	4.52
Oportunidade	4.28
Experiencia laboral ou prácticas	4.19

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	2.45
Nota do expediente	3.07
Posgrao, máster	3.10

Os titulados da Licenciatura en Dereito valoran as *Relacións*, a *Oportunidade* e a *Experiencia laboral ou prácticas* como os factores máis determinantes de cara á conseguir un emprego, restándolle importancia á *Reputación do centro* e aos *Estudos de posgrao*. Os resultados son similares aos da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas II).






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	12,9%	12,9%
1	38,0%	50,9%
2	11,8%	62,7%
3	14,4%	77,1%
4	3,8%	80,9%
5	7,3%	88,2%
6 ou máis	11,8%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	23,7%	23,7%
1	37,0%	60,6%
2	22,1%	82,7%
3	13,5%	96,2%
4 ou máis	3,8%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Zona xeográfica	4.24
Sector da especialidade	4.19
Titulación ben considerada	3.70

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	2.70
Nivel retributivo	2.81
Estabilidade	3.20

Os Licenciados en Dereito amosan unha valoración dos aspectos da situación laboral semellante aos obtidos para a súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas II) e aos resultados globais do SUG. A respecto das valoracións máis altas, o *Sector da especialidade* presenta unha valoración lixeiramente máis alta para os titulados que para a súa área de coñecemento. O *Nivel*

retributivo está menos valorado polos titulados de Dereito que pola súa área de coñecemento ou respecto ao global do SUG. A *Estabilidade* tamén é un aspecto da situación laboral máis valorado na área de coñecemento que na titulación de Dereito.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Capacidade de traballo individual	4.66
Capacidade de aprendizaxe	4.64
Capacidade para asumir responsabilidades	4.48



AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.76
Pensamento crítico e creatividade	3.81
Coñecementos de informática	4.04

En relación cos resultados da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas II), os titulados en Dereito coinciden nas competencias menos valoradas coas outras titulacións da área (e co global do SUG). No caso das competencias máis valoradas, a *Capacidade de traballo individual* e a *Capacidade de asumir responsabilidades* reciben valoracións máis altas nesta titulación

que no global da área e que no global do SUG.





O obxectivo deste estudo para a licenciatura en Dereito é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.



De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:


- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Licenciados en Dereito. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios de traballo* e *Familiares/amizades*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** as *Relacións*, a *Oportunidade* e a *Experiencia laboral ou prácticas* son os factores que os Licenciados en Dereito consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* no que traballan. Ademais, manifestan que a titulación está ben considerada, aínda que as *Posibilidades de promoción*, o *Nivel retributivo* e a *Estabilidade* son os aspectos menos valorados.
- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo 1000-1500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade de traballo individual*, a *Capacidade de aprendizaxe* e a *Capacidade para asumir responsabilidades*.

Un Licenciado en Dereito acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo precisa de capacidade de traballo individual, de capacidade de aprendizaxe e de capacidade para asumir responsabilidades.

FICHA DA TITULACIÓN


Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago e Lugo) Universidade da Coruña (Campus de Elviña) Universidade de Vigo (Campus Lagoas-Marcosende)
Área	Humanidades II
Duración dos estudos	4 cursos
Período	1996-2003
Poboación	4986 titulados
Mostra	826 titulados






Os titulados da Licenciatura en Filoloxía (Alemá, Clásica, Francesa, Galega, Hispánica, Inglesa, Italiana, Portuguesa e Románica) dan as maiores valoracións de utilización ás vías de busca de emprego: *Envío CV*, *Concurso/oposición* e *Responder a anuncios*.

Se o comparamos cos resultados obtidos no estudo 2001-2003 para a área Humanidades II, obsérvanse pequenas diferenzas, a maior valoración de *Concurso/oposición*, por parte dos titulados de esta titulación, e a menor valoración de *INEM* e *SGC*.



Entre as vías propiciatorias do primeiro emprego, destacan *Familiares/amizades*, *Convocatoria pública* e *Candidatura espontánea*. Comparando cos resultados globais da área, destaca a maior porcentaxe de empregos acadados mediante *Convocatoria pública*.



Na efectividade das vías de busca de emprego, entendida como a relación entre a porcentaxe de empregos e ao grao de utilización, destaca a alta efectividade de *Familiares/amizades* e *Convocatoria pública*. O posicionamento, en canto á efectividade, das distintas vías é moi similar á obtida no global

da área de coñecemento, agás pola posición da *Convocatoria pública*, sensiblemente máis efectiva e utilizada no caso da titulación de Filoloxía.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Relacións	4.32
Oportunidade	4.30
Constancia	4.26

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	2.92
Posgrao, master	3.24
Nota do expediente	3.38

As circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego máis valoradas polos titulados de Filoloxía coinciden coas da súa área de coñecemento (Humanidades II). Os resultados sobre os factores menos valorados son menos similares aos da área de coñecemento, agás a *Reputación do centro*, que vén a ser un denominador común en todas as titulacións, para este caso, en estudos anteriores resaltábase tamén a *Titulación específica* como pouco valorada.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	19,0%	19,0%
1	27,6%	46,6%
2	24,3%	70,9%
3	11,3%	82,2%
4	6,9%	89,1%
5	2,0%	91,1%
6 ou máis	8,9%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	12,9%	12,9%
1	37,1%	49,9%
2	28,6%	78,5%
3	11,3%	89,8%
4 ou máis	10,2%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Zona xeográfica	4.19
Sector da especialidade	3.64
Coñecementos útiles	3.47

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidade de promoción	2.28
Formación específica	2.54
Estabilidade	2.81

Os aspectos da situación laboral que máis valoran os titulados de Filoloxía son semellantes aos da súa área de coñecemento (Humanidades II), aínda que o *Sector da especialidade* está lixeiramente máis valorado na titulación. Se comparamos cos resultados obtidos polo SUG, son os *Coñecementos útiles* os que presentan unha valoración máis baixa. A respecto dos aspectos da situación laboral

menos valorados polos titulados, os resultados son moi similares aos do SUG e aos da área de coñecemento, obtendo a *Posibilidade de promoción* unha valoración lixeiramente máis alta na área.




AS MÁIS VALORADAS




	Valoración media
Capacidade para as relacións*	4.39
Capacidade para resolver problemas	4.36
Planificación, coordinación e organización	4.32

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Capacidade de análise**	3.15
Coñecementos de informática	3.41
Capacidade de traballo baixo presión**	3.59

As competencias máis valoradas polostitulados de Filoloxía coinciden coas da súa área de coñecemento (Humanidades II). Os resultados sobre as competencias menos valoradas son menos similares aos da área de coñecemento, aínda que tanto a *Capacidade de análise* coma a *Capacidade de traballo baixo presión* reciben valoracións lixeiramente máis altas no global da área. O mesmo comportamento apréciase na comparativa co global do SUG.





O obxectivo deste estudo para a Licenciatura en Filoloxía (Alemá, Clásica, Francesa, Galega, Hispánica, Inglesa, Italiana, Portuguesa e Románica) é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.



De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:


- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos titulados en Filoloxía. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios* de traballo e o *Concurso-oposición*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** as *Relacións*, a *Oportunidade* e a *Constancia* son os factores que os titulados en Filoloxía consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* no que traballan e que os coñecementos adquiridos son útiles para o seu traballo, aínda que as *Posibilidades de promoción*, a *Formación específica* e a *Estabilidade* son os aspectos menos valorados.
- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo de menos de 500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** atopamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade para as relacións*, a *Capacidade para resolver problemas* e a *Planificación, organización e coordinación*.

Un licenciado en Filoloxía acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo precisa de capacidade para as relacións, capacidade de resolver problemas e planificación, coordinación e organización.


FICHA DA TITULACIÓN

Universidade/campus	Universidade da Coruña (Campus de Elviña) Universidade de Vigo (Campus de Ourense)
Área	Ensinanzas Técnicas
Duración dos estudos	3 cursos
Período	1996-2003
Poboación	975 titulados
Mostra	158 titulados






As vías de busca de emprego máis utilizadas polos titulados da Enxeñaría Técnica en Informática son *Envío CV* e *Responder a anuncios*. Non se observan grandes diferenzas cos resultados globais obtidos no estudo 2001-2003 para a área de Ensinanzas Técnicas.



A maior porcentaxe de primeiros empregos propiciados corresponde a *Familiares/amizades*, seguida de *Candidatura espontánea*. As porcentaxes son moi similares ás globais da área de coñecemento.



Segundo a relación entre a porcentaxe de primeiros empregos e grao de utilización, a vía de busca de emprego máis efectiva é *Familiares/amizades*. O posicionamento de todas as vías de busca de emprego é moi similar á obtida cos resultados globais da área de coñecemento.




AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Mobilidade, ausencia de cargas	4.19
Relacións	4.16
Oportunidade	4.10

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Idiomas	1.93
Experiencia laboral ou prácticas	2.24
Reputación do centro	2.58

A *Mobilidade* e a *Ausencia de cargas* resulta ser o factor máis valorado polos titulados de Enxeñaría Técnica en Informática ao ser este un aspecto significativo desta titulación xa que o resto das valoracións serían coincidentes coas da súa área de coñecemento (Ensinanzas Técnicas). En relación co global do SUG, os resultados son similares, agás no caso xa comentado da *Mobilidade* que estaría por diante dos contactos ou amizades, que obtiñan unha valoración máis alta no global do SUG.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	2,3%	2,3%
1	32,3%	34,6%
2	33,0%	67,6%
3	20,8%	88,5%
4	2,3%	90,8%
5	5,4%	96,2%
6 ou máis	3,8%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	4,5%	4,5%
1	42,1%	46,5%
2	34,0%	80,5%
3	11,3%	91,8%
4 ou máis	8,2%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.




AS MÁIS VALORADAS

	Valoración media
Zona xeográfica	4.40
Sector da especialidade	4.17
Esfuerzo	3.35

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	2.54
Formación específica	2.75
Valorado na empresa	2.93

Os aspectos da situación laboral máis e menos valorados polos titulados de Enxeñaría Técnica en Informática son semellantes aos da súa área de coñecemento (Ensinanzas Técnicas) e aos resultados globais do SUG. Exceptuando o *Esfuerzo* que se atopa entre os aspectos menos valorados pola área de coñecemento e polo global do SUG, e o ítem *Valorado na empresa* que é máis valorado.




AS MÁIS VALORADAS



	Valoración media
Coñecementos de informática	4.74
Capacidade para resolver problemas	4.45
Capacidade de aprendizaxe	4.43

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.67
Capacidade de análise**	2.93
Cultura xeral	3.31

As competencias máis e menos valoradas polos titulados de Enxeñaría Técnica en Informática coinciden coas da súa área de coñecemento (Ensinanzas Técnicas). En relación co global do SUG, os resultados son similares, agás no caso dos *Coñecementos de informática* (por razóns obvias para esta titulación) e a *Capacidade de análise*, que obtén unha valoración máis alta no global do SUG.





O obxectivo deste estudo para a enxeñaría técnica en Informática é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.



De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:


- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Enxeñeiros Técnicos en Informática. Outras vías con alta utilización son a *Resposta a anuncios* de traballo e *Familiares/amizades*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** a *Mobilidade* e *Ausencia de cargas*, as *Relacións* e a *Oportunidade* son os factores que os Enxeñeiros Técnicos en Informática consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* e o *Sector da especialidade* no que traballan, e que a situación laboral é acorde co seu esforzo durante o título, aínda que as *Posibilidades de promoción*, a *Formación específica* e a *Valoración na empresa* son os aspectos menos valorados.
- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo 1000-1500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade para resolver problemas* e a *Capacidade de aprendizaxe*.

Un Enxeñeiro Técnico en Informática acostuma atopar traballo enviando o seu CV; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo precisa de capacidade para resolver problemas e capacidade de aprendizaxe.

FICHA DA TITULACIÓN


Universidade/campus	Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Santiago e de Lugo) Universidade da Coruña (Campus da Zapateira) Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, de Ourense e de Vigo)
Área	Xurídico-Social III
Duración dos estudos	3 cursos
Período	1996-2003
Poboación	8942 titulados
Mostra	1155 titulados






As vías de busca máis utilizadas polos mestres son *Envío de CV* e *Concurso/oposición*. Cómpre destacar a nula utilización do *Autoemplego* como vía de busca de emprego. Ao comparar cos resultados da área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III) segundo o

estudo 2001-2003, atópase algunha diferenza como a segunda posición de *Responder a anuncios* no caso global, e a maior valoración que os mestres fan de *Concurso/oposición*.



As maiores porcentaxes de propiciatoria de primeiros empregos nesta titulación corresponden a *Familiares/amizades*, *Candidatura espontánea* e *Convocatoria pública*. Os resultados son moi similares aos obtidos para a área de coñecemento, agás pola maior porcentaxe correspondente a *Convocatoria pública* nesta titulación, respecto ao global.



A relación entre a porcentaxe de empregos propiciados e o grao de utilización manifestado polos titulados, sitúa a *Familiares/amizades* como a vía de busca de emprego de maior efectividade. O posicionamento de todas as vías é similar nos resultados globais da área de coñecemento.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Constancia	4.41
Relacións	4.39
Oportunidade	4.37


AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Reputación do centro	2.97
Nota do expediente	3.48
Posgrao, máster	3.56

Os factores máis valorados polos Mestres para conseguir un emprego coinciden cos da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III). Os ítems máis valorados polos Mestres obteñen tamén valoracións altas no global do SUG, resaltando que a diferenza de estudos anteriores neste caso poñen a *Constancia na busca* como a actitude máis valorada para acadar un emprego. No caso dos

ítems menos valorados existe unha pequena discrepancia xa que nos estudos anteriores os *Coñecementos de idiomas e informática* eran menos valorados dentro desta área de coñecemento.






	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	23,5%	23,5%
1	30,3%	53,7%
2	15,6%	69,3%
3	10,5%	79,8%
4	4,3%	84,0%
5	8,3%	92,4%
6 ou máis	7,6%	100,0%

Número de contratos laborais desde que rematou o título.

	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
0	24,0%	24,0%
1	37,3%	61,3%
2	19,8%	81,1%
3	10,8%	91,9%
4 ou máis	8,1%	100,0%

Número de empresas nas que traballou desde que rematou o título.



AS MÁIS VALORADAS


	Valoración media
Zona xeográfica	4.47
Nivel retributivo	3.25
Valorado na empresa	3.24

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Posibilidades de promoción	2.32
Formación específica	2.36
Centro ben considerado	2.70

Os aspectos da situación laboral máis valorados polos Mestres coinciden coas da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III), agás *Nivel retributivo* que ten unha valoración máis baixa. A respecto dos menos valorados, *Centro ben considerado* áchase máis valorado pola área de coñecemento que pola titulación. Se comparamos cos resultados globais do

SUG, os ítems *Valorado na empresa* e o *Nivel retributivo* reciben unha valoración máis baixa e, de novo, o *Centro ben considerado* está máis valorado.




AS MÁIS VALORADAS



	Valoración media
Capacidade para as relacións*	4.56
Capacidade de traballo individual	4.46
Capacidade para a comunicación oral/escrita**	4.46

AS MENOS VALORADAS

	Valoración media
Coñecementos de idiomas	2.61
Capacidade de análise**	2.76
Coñecementos de informática	3.05

As competencias máis valoradas polos Mestres coinciden coas da súa área de coñecemento (Ciencias Sociais e Xurídicas III). Os ítems máis valorados polos Mestres obteñen tamén valoracións altas no global do SUG. No caso dos ítems menos valorados, a *Capacidade de análise* recibe unha valoración lixeiramente máis alta no global da área e no global do SUG.





O obxectivo deste estudo para os Mestres (Audición e Linguaxe, Educación Infantil, Educación Física, Educación Musical, Educación Primaria e Lingua Estranxeira) é aclarar a problemática da inserción laboral dos titulados, xa que os anteriores proxectos de inserción laboral só recollían como máximo nivel de desagregación as grandes áreas de coñecemento.

De xeito xeral, dos resultados que se obtiveron, podemos concluír o seguinte:

- **Busca de emprego:** o *Envío do CV* é a vía sinalada como a máis utilizada polos Mestres. Outras vías con alta utilización son o *Concurso-oposición* e *Familiares/amizades*.
- **Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego:** a *Constancia*, as *Relacións* e a *Oportunidade* son os factores que os Mestres consideran importantes para a súa contratación.
- **Aspectos da situación laboral actual:** os titulados valoran positivamente a *Zona xeográfica* en que traballan, que o *Nivel retributivo* está ben valorado e que están *Ben valorados na empresa*, aínda que as *Posibilidades de promoción*, a *Formación específica* e a *Reputación do centro*

onde estudaron son os aspectos menos valorados.

- **Salario:** o tramo de retribución máis representativo sitúase entre 500 e 1000 €, seguido do tramo de menos de 500 €.
- **Competencias requiridas no emprego:** achamos entre o conxunto de competencias, coñecemento e actitudes que reciben unha maior valoración a *Capacidade para as relacións*, a *Capacidade de traballo individual* e a *Capacidade para a comunicación oral e escrita*.

Un Mestre acostuma atopar traballo enviando o seu CV e a través dos concurso-oposición; este traballo (500-1000 €/mes) está na zona xeográfica que desexa e cun bo nivel retributivo, aínda que con poucas posibilidades de promoción. Para desenvolver este traballo precisa de capacidade para as relacións, capacidade de traballo individual e capacidade de comunicación.

Para a elaboración deste estudo, utilizáronse as bases de datos analizadas no PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001 (ACSUG, 2004) e no ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003 (ACSUG, 2006). Para consultar os detalles técnicos do PIL1996-2001, pode verse a Sección 5 (datos técnicos) e a Sección 6 (traballo de campo) da correspondente publicación (ACSUG, 2004). No caso do PIL2001-2003, véxase o apartado dedicado a datos técnicos en (ACSUG, 2006).

A continuación, expoñemos as epígrafes incluídas neste estudo da inserción laboral no SUG por titulacións. Para consultar a formulación exacta das preguntas, véxase o PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001 (ACSUG, 2004), páxinas 270-274 e ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003 (ACSUG, 2006), páx. 99-106.

1. Circunstancias Demográficas:

- 1.1. Sexo

2. Circunstancias Académicas e Laborais:

- 2.1. Nota media aproximada do expediente
- 2.2. Estuda actualmente
- 2.3. Tipo de contrato

3. Busca de Emprego:

- 3.1. Vías utilizadas:
 - 3.1.1. INEM
 - 3.1.2. Servizo Galego de Colocación
 - 3.1.3. Bolsas de traballo
 - 3.1.4. Candidatura espontánea (envío de CV)
 - 3.1.5. Resposta a un anuncio de traballo
 - 3.1.6. Colocación de anuncios
 - 3.1.7. Presentación a oposición/concurso público
 - 3.1.8. Empresa de traballo temporal
 - 3.1.9. A través de contactos personais, familia ou amigos
 - 3.1.10. Autoemprego
- 3.2. Vía propiciatoria do primeiro emprego (das anteriores)
- 3.3. Circunstancias propiciatorias para a consecución dun emprego
 - 3.3.1. Titulación estudada e especialización académica
 - 3.3.2. Expediente académico
 - 3.3.3. Experiencia laboral relacionada (incluíndo prácticas)
 - 3.3.4. Coñecementos de idiomas



- 3.3.5. Coñecementos de informática
- 3.3.6. Relacións
- 3.3.7. Constancia na busca
- 3.3.8. Flexibilidade (mobilidade xeográfica, ausencia de cargas familiares)
- 3.3.9. Oportunidade

4. Situación Laboral Actual:

- 4.1. Número de contratos laborais desde que rematou o título (2001-2003)
- 4.2. Número de empresas desde que rematou o título (2001-2003)
- 4.3. Salario neto mensual do seu traballo en xuño de 2004 (2001-2003)
- 4.4. Valoración do seu traballo:
 - 4.4.1. Traballa na zona xeográfica que desexa
 - 4.4.2. Considera axeitado o seu nivel retributivo actual
 - 4.4.3. Considera estable o seu traballo
 - 4.4.4. Observa posibilidades reais de promoción na súa empresa
 - 4.4.5. Os coñecementos adquiridos no título foron de utilidade
 - 4.4.6. Considérase suficientemente valorado na súa empresa
 - 4.4.7. A escola/facultade está ben considerada na súa empresa
 - 4.4.8. A titulación está ben considerada na súa empresa
 - 4.4.9. A súa situación laboral é acorde co esforzo do título
 - 4.4.10. Requiriu formación específica para desenvolver o seu traballo
 - 4.4.11. Sector pertencente á titulación estudada

5. Competencias:

- 5.1. Capacidade de aprendizaxe
- 5.2. Adaptabilidade
- 5.3. Creatividade e pensamento crítico
- 5.4. Cultura xeral
- 5.5. Coñecementos teórico-prácticos no seu campo
- 5.6. Capacidade de traballo en equipo
- 5.7. Capacidade de traballo independente
- 5.8. Capacidade de asumir responsabilidades
- 5.9. Capacidade para resolver problemas
- 5.10. Capacidade de planificación, coordinación e organización
- 5.11. Coñecementos de idiomas
- 5.12. Coñecementos de informática
- 5.13. Capacidade para as relacións (*)
- 5.14. Dispoñibilidade ante imprevistos (*)
- 5.15. Lealdade, honestidade (*)
- 5.16. Motivación (**)
- 5.17. Iniciativa (**)
- 5.18. Capacidade para a comunicación oral/escrita (**)
- 5.19. Capacidade de traballo de baixo presión (**)
- 5.20. Capacidade de análise (**)

PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS POLO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 1996-2001. ACSUG (2004).

<http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones.php>

ESTUDO DA INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA 2001-2003. ACSUG (2006).

<http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones.php>

A DEMANDA DE TITULADOS POR PARTE DAS PEMES GALEGAS. ACSUG (2007).

<http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones.php>

INCORPORACIÓN DO TITULADO UNIVERSITARIO AO MERCADO DE TRABALLO. VISIÓN DENDE A EMPRESA. Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (2005).

MEMORIA 2006. FUNDACIÓN CYD.

<http://www.fundacioncyd.org/PUBLICACIONES/InformeCyD2006.asp>



Grupo de Análise Estatística (GAE)

Prof. Dr. Pedro Faraldo Roca (Director do Grupo)
Rosa María Crujeiras Casais (Coordinadora)

María José Lombardía Cortiña
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Santiago de Compostela

José María Matías Fernández
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Vigo

Salvador Naya Fernández
Departamento de Matemáticas
Universidade da Coruña

Belén María Fernández de Castro
Departamento de Planificación Estratéxica
Caixa Galicia

Verónica Título Figueiras
Departamento de Marketing Estratéxico
Caixa Galicia

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Julio Ernesto Abalde Alonso
Director da ACSUG

M^a Carmen Fernández Montes
Técnica da ACSUG

Colabora:

